

O frío azul

de Ramón Caride Ogando



O frío azul

En Sotelo Blanco Edicións, 122 páxinas. Con esta novela, Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) obtivo o Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2007. Caride é un escritor e poeta amplamente recoñecido, e no seu haber ten numerosos premios, entre outros o Blanco Amor, 1992; Café Dublín, 1997; Risco, 2003; Merlín, 1995 e Martín Sarmiento, 2006. En *O frío azul*, unha entretida novela ambientada cando o ano 1517, e xeograficamente en Galicia e Portugal, na estrema con Extremadura.

O relatorio comeza nunha noite mesta e fría do inverno, con nevada, cando un viaxeiro chega ao mosteiro de Oseira. O fío argumental na novela vai de guerra, nigromancia, panteísmo e represión. Sorprende felizmente Caride Ogando con esta bonita novela, un relato sorprendente que oscila, a cada paso, entre a quentura do amor e a friaxe da morte, mestura con historias que sobrecolen e lendas ou mitos que seican perviven agochadas nos ermos máis afastados.

A travesía que narra o autor, arranca en Valverde, As Ellas e San Martín, terras situadas no noroeste de Cáceres, na chamada Alta Extremadura, aí onde o galego aínda é vivo entre os seus habitantes; travesía digo, como intrudución da novela que fai A. C. Alén do Val.